

## AS PRÁCTICAS CONTABLES DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES GALEGAS. A COERCIÓN COMO VEHÍCULO DE INSTITUCIONALIZACIÓN CULTURAL NORMATIVA

MARÍA SALOMÉ TABOADA MELLA  
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 22 de decembro de 2004

Aceptado: 23 de marzo de 2007

---

**Resumo:** Este traballo adopta como perspectiva de investigación a teoría institucional e, sobre a base do estudo dos procedementos contables das confrarías de pescadores nos diferentes ambientes en que se insiren ao longo da súa historia, demostra que: a) como organizacións formais, os seus procedementos contables racionais foron deseñados na pretensión da eficiencia na xestión dos seus recursos; e b) como entidades institucionalizadas, adoptaron estruturas contables que garanten a lexitimidade e os recursos. Neste proceso, como portadores e instrumentos institucionalizadores, non só interveu a coerción dos sucesivos réximes políticos, tamén o fan a organización formal e a cultura, o mimetismo e a norma que, en conxunto, determinaron as estruturas contables das confrarías de pescadores galegas actuais.

**Palabras clave:** Confrarías de pescadores / Teoría institucional / Contabilidade / Coerción / Mimetismo / Profesionalización.

### GALICIAN FISHERMEN'S GUILD ACCOUNTING PRACTICES. COERCION AS A VEHICLE FOR NORMATIVE CULTURAL INSTITUTIONALISATION

**Abstract:** This paper looks at institutional theory and on the basis of studying the accounting procedures in the fishermen's guilds in the different eras they have been introduced throughout the guilds' history it demonstrates that (a) as formal organisations, their rational accounting procedures have been designed to get efficiency in their fund management and (b) as institutionalised entities they have adopted accounting structures which guarantee legitimacy and funding. In this process, as carriers and institutionalising instruments, not only has coercion from the successive political regimes intervened but also formal organisation and the culture, mimetism and the norm, which together have determined the present day Galician fishermen's guilds' accounting structures.

**Keywords:** Fishermen's guilds / Institutional theory / Accounting / Coercion / Mimetism / Professionalisation.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

Desde o ano 1993 en que entra en vigor a Lei 9 de confrarías de pescadores de Galicia, estas entidades deben elaborar un orzamento anual e levar unha contabilidade financeira –adeuada á das entidades mercantís– como instrumentos de control no exercicio das funcións públicas e privadas que lles atribúe. Con todo, xa venñen desempeñando estes cometidos desde que son adscritas á Administración (tras a Guerra Civil), sendo o orzamento o único procedemento contable que os sucesivos réximes políticos lles esixiron. O coñecemento das razóns que provocaron o establecemento desta estrutura contable dual constitúe o obxecto de estudo deste traballo. Para iso, adóptase como perspectiva da investigación a teoría institucional.

Esta teoría pretende demostrar de modo científico que as estruturas deseñadas e/ou incorporadas ás organizacións supeditáanse a motivacións ambientais, “*podéndose desenvolver no tempo por medio dun proceso histórico de adaptación non planeado, [por] determinantes causais que dependen da historia e en residuos estruturais por inercia*”, nos que “*os papeis do Estado e dos sucesos políticos históricos [adquiren] unha grande importancia*” (Scott, 1991, p. 219; Orru, Woolsey e Hamilton, 1991, p. 366).

Por iso, o traballo estrutúrase en tres partes. En primeiro lugar, efectúase unha exploración doutrinal; a continuación, realízase unha análise histórica dos procedementos contables das confrarías de pescadores desde a perspectiva dos sistemas xurídico-políticos que lles afectan. Os resultados derivados da superposición de procedementos contables seguidos dos ambientes xurídico-políticos determinantes daqueles preséntanse na terceira parte como conclusións da investigación realizada.

## 2. PROCEDEMENTOS CONTABLES E OBXECTIVOS ORGANIZACIONAIS. A TEORÍA INSTITUCIONAL

As organizacións, como “*entidades compostas por individuos que actúan colectivamente en busca dun conxunto de obxectivos*”<sup>1</sup>, adoptan estruturas nas que, dependendo do ambiente en que se insiren, a contabilidade desempeña cometidos diversos (Burky e Perry, 1998, p. 11; Scott, 1991; Meyer, Scott e Deal, 1983; DiMaggio e Powell, 1983; North, 1990).

Nos ambientes técnicos –nos que existe competencia libre e aberta– as organizacións perseguen a eficiencia<sup>2</sup> e, por iso, estrutúranse formalmente en “*sistemas de tarefas ben definidas cada unha das cales leva incorporada unha cantidade específica de autoridade, de responsabilidade e de obriga de render contas*”, resultado non só da asunción de tarefas na organización “*sino que la autoridad, el control sobre los recursos y la toma de decisiones también serán repartidos*” (Allen, 1959, p. 50; Fernández, 1999, p. 66).

Nos ambientes institucionais as organizacións loitan “*pola convivencia social e non pola eficiencia económica*”, pois o seu éxito é función da confianza e da estabilidade obtidas polo apoio e pola lexitimidade<sup>3</sup>. Nestas organizacións “*a contabilidade é utilizada para construír unha realidade xerando un efecto de lexitimación sobre os individuos dunha particular visión da realidade*” e é incorporada a estas

---

<sup>1</sup> Podendo ser estes “*políticos, sociais, económicos, educativos...*” (North, 1981, p. 5).

<sup>2</sup> Concibida como “*a condición onde a existencia dun conxunto de restricións producirá o crecemento económico*” (North, 1990, p. 2).

<sup>3</sup> Entendida como a “*percepción ou asunción de que as accións dunha entidade son convenientes (desexables), adecuadas, ou apropiadas dentro dalgúns sistemas normativos, valores, crenzas e definicións socialmente construídos*” (Schuman, 1995, p. 574); trátase dunha “*categoría outorgada e, como tal, polo común é controlada por aqueles que están fóra da organización*” (Singh, Tucker e Meinhard, 1991, p. 398).

estruturas organizacionais como resultado: a) da adopción de mitos institucionalizados lexitimados culturalmente, como estruturas e procedementos propios de organizacións formais eficientes, e tecnoloxías, procesos e deseños reflexo dunha imaxe organizacional considerada apropiada; e/ou b) da adecuación ás pautas establecidas polos Estados/nacións e por organizacións superiores impostas a organizacións dependentes como vehículo para a súa lexitimación e obtención de recursos (Powell, 1991, p. 184; Perrow, 1970; Richardson, 1987, p. 348; Meyer e Rowan, 1977; Zucker, 1983; DiMaggio, 1991; Jepperson e Meyer, 1991; Scott, 1991; Scott e Meyer, 1991; Pfeffer e Salank, 1978).

Así, o logro da eficiencia en produción por parte das organizacións formais fai que a súa estrutura se lexitime, se institucionalice e se difunda cara a organizacións tales como sistemas políticos e movementos sociais. Isto é debido a que a coordinación<sup>4</sup> e o control<sup>5</sup> da actividade son dimensións críticas nas que estas organizacións tiveron éxito<sup>6</sup>. Estes factores encaixan perfectamente coas estruturas impostas ás organizacións institucionalizadas, nas que imperan o seguimento de regras e de procedementos. Como sinalan Meyer e Rowan (1991, p. 53), “*en ambientes institucionalmente complexos requírese unha conformidade sagaz (...). Pero esta clase de conformidade –e a case garantida supervivencia que a acompaña– só é posible nun ambiente cunha estrutura moi institucionalizada. Nese contexto é posible fixar a organización nun isomorfismo que reflicta cerimonialmente o ambiente institucional na súa estrutura, funcionamento e procedementos*”; a mímese da organización formal evita, ademais, a incerteza<sup>7</sup> que se derivaría de buscar sistemas de coordinación e control alternativos (Powell, 1991; Zucker, 1983).

Por outra parte, se “*a linguaxe é a base para o establecemento da cultura que reflicta os postulados establecidos pola sociedade que os emprega*”, a contabilidade asume a condición de “*linguaxe simbólica*”<sup>8</sup> do ámbito cultural en que se insire. Por esta razón, a opinión pública de individuos sobresalientes e os profesionais –por medio de “*regras, procedementos e metas sen representación primaria na organización formal e sen o control e a sanción por parte dalgunha autoridade «cen-*

<sup>4</sup> Dunha grande utilidade fronte a feitos conxunturais que se presentan ás organizacións institucionalizadas en situacións tales como a expansión dos mercados, a tecnoloxía, o tamaño e a complexidade das relacións internas e a división do traballo.

<sup>5</sup> Pois o “*control burocrático é moi útil para os centros políticos en expansión e frecuentemente se require uniformidade tanto nas unidades centrais coma nas periféricas*” (Meyer e Rowan, 1991, p. 43).

<sup>6</sup> Aínda que Weick (1976) demostre dun modo empírico a debilidade da vinculación dos elementos estruturais nas organizacións formais, o seguimento non permanente das regras e das decisións adoptadas, a escasa eficiencia das tecnoloxías e o escaso control e inspección.

<sup>7</sup> Acódese á historia como patrón de éxito, pois “*o éxito adoita ser inimigo da experimentación e conduce a trampas de competencia*” (Powell, 1991, p. 193).

<sup>8</sup> De maneira que as características dos sistemas contables establecidos e “*os principios contables varían dependendo das variacións culturais*” (Violet, 1983, p. 6); as semellanzas e as diferenzas de valores culturais entre países fan que se compartan valores contables ou que dean lugar a unha carencia de consenso, como demostran Hofstede (1986) e Gray (1988).

tral» – requírenlles ás organizacións o uso daqueles instrumentos contables que definen o comportamento “socialmente aceptable” (Violet, 1983, p. 6; Jepperson, 1991, pp. 150-151).

Consiste, en definitiva, nunha “*legitimación cognitiva [consistente en] la aceptación «de hecho» de formas organizativas particulares, es decir, la aceptación como forma natural de llevar a cabo una determinada acción colectiva*” e pódese tratar das prácticas que se transmitiron xeracionalmente<sup>9</sup> –resistentes ao cambio– por considerarse que así se deben facer as cousas, ou de eleccións organizativas que, aínda que limiten e determinen as accións directivas e nalgúns casos sexan “*perjudiciales para el decisor*”, se consideran normais e, xa que logo, lexítimas (Núñez e Moyano, 2002a, p. 46; Scott, 1991; Zucker, 1991; Carruthers, 1995; Fernández, 1999, p. 60; Powell, 1991).

Neste proceso de institucionalización cultural é necesario destacar o papel desempeñado polos profesionais. Estes, na súa condición de expertos, intentan “*establecer a base de coñecemento*” –normas e pautas de comportamento–, “*definir as condicións e métodos de traballo*”, homoxeneizar criterios de organización. Con esta finalidade, mobilízanse “*por medio de asociacións profesionais ou de unións de tipos gremial*” e utilizan a linguaxe organizacional como mecanismo normativo<sup>10</sup>. Os procedementos contables propostos convértense en “*vocabularios de estrutura que, isomorfos coas regras institucionais, proporcionan explicacións prudentes, racionais e lexítimas*”; deixar de incorporalos á organización pode implicar a cualificación da xerencia como negligente e irracional, aínda que non se respecten (DiMaggio e Powell, 1983, p. 152; Scott e Meyer, 1991; Powell, 1991, p. 197; Meyer e Rowan, 1977, p. 349).

As causas desta institucionalización cultural normativa hai que buscalas no feito de que os profesionais véñse sometidos ás mesmas presións miméticas e coactivas cás organizacións.

Así, ademais das propias organizacións profesionais e de oficios que deseñan as regras de conduta da organización e dos profesionais, “*os xerentes e o persoal clave selecciónanse das universidades e son filtrados con base en atributos comúns, polo que tenderán a considerar os problemas de maneira similar, a ver as últimas políticas, procedementos e estruturas, como se estiveran sancionados e lexitimados normativamente, e tomarán as súas decisións de forma parecida*” o que deriva, finalmente, na existencia de individuos case intercambiáveis. Á vez, “*as diferentes*

---

<sup>9</sup> A “fixación” da estrutura organizacional consiste na adopción dunhas características organizacionais no momento da fundación que se han manter no tempo (tamaño da empresa, da burocracia administrativa, do capital, da forza laboral, da proporción entre traballadores ocupados na produción respecto dos de oficina...). Trátase de organizacións que adoptan unhas características determinadas sobre o momento en que se fundan e o fan non por motivos de deseño racional senón porque cren que así se han facer as cousas.

<sup>10</sup> Ademais da autorización, a especialización do traballo, a selección dos traballadores, o intercambio de coñecementos, a filtración de persoal e a influencia social dos representantes das organizacións patronais son descritos por Scott (1991), por Meyer e Rowan (1977), por DiMaggio e Powell (1983) e por Powell (1991).

*ocupacións e profesións teñen concepcións competitivas sobre como se debe de estruturar a organización. A diversidade profesional e laboral conduce á heteroxeneidade e ao conflito dentro dos campos organizacionais*”, de maneira que os profesionais administrativos se atopan nunha posición estratéxica que lles facilita o dominio das estruturas de campo para xustificar a súa actuación en función do interese por protexer os intereses organizacionais e profesionais. Como consecuencia, toman decisións que lles permiten “*conservar a súa posición mediante demandas feitas a través de estruturas de actividade formais e informais*”; estruturas nas que “*a autoridade formal refírese a unha posición nunha estrutura xerárquica; a autoridade informal, á demanda de poder e á experiencia dos actores que lles permitirá dirixir os recursos da organización*” (DiMaggio e Powell, 1983, p. 153; Powell, 1991, p. 197; DiMaggio, 1991; Fligstein, 1991, p. 313).

Finalmente, a incorporación das estruturas contables pode ter lugar por medio de “*presións tanto formais como informais que (...) se poden sentir como unha forza, persuasión ou invitación a coludirse*”. Trátase dunha imposición obrigatoria por parte dos axentes do cambio, aínda podendo ser estes “*contrarios á ideoloxía dominante da empresa*”. Así, organizacións superiores (empresas monopolísticas e similares) obrigan ás entidades dependentes delas a preparar determinada información contable, que estas aceptan ou que “*parecen aceptar*” porque cren que é compatible cos seus intereses particulares e porque diso depende a recepción de recursos, aínda que, “*en definitiva, a principal función da contabilidade no caso das empresas cunha contorna dependente delas é a de lexitimar a esas organizacións no exercicio do control sobre o seu ambiente*” (DiMaggio e Powell, 1983, p. 150; Galaskiewicz, 1991, p. 309; Kerr, 1975; Carmona, 1989, p. 354).

Nesta liña, o Estado/nación, ou o Goberno, como “*fonte vital de recursos e poder coercitivo*”, que emite normas de obrigada observancia, configúrase como fonte principal de institucionalización organizacional. A homoxeneidade ou as diferenzas organizacionais dependen dos “*perfís da organización política das nacións-Estado*”, de maneira que, segundo que a organización política abrace unha maior ou unha menor racionalidade e/ou institucionalización dará lugar a diferente cantidade de organización formal e nas estruturas empregadas por esa organización formal imperarán a coordinación da actividade, o control autoritario ou a estruturación racionalizada de persoas e actividades (Singh, Tucker e Meinhard, 1991, p. 391; Jepperson e Meyer, 1991, p. 206).

É dicir, os gobernos e os seus “*policy networks*”<sup>11</sup> establecen as vías polas que os actores do sector público e privado participan da autoridade e, dependendo da orde legal por eles establecida, definen as pautas ás que as organizacións han adaptar as súas estruturas; o seu nivel de axuste definirá o seu nivel de lexitimidade e a

---

<sup>11</sup> Entendemos por estruturas institucionais da política o “*conxunto(s) de institucións, regras de comportamento (...) relativamente invariables ante os cambios dos individuos, e relativamente elásticos ás preferencias indiosincrásicas e ás perspectivas individuais*” (March e Olsen, 1984, p. 741).

súa participación na asignación de recursos. Neste sentido, a diversidade reguladora no nivel goberamental “conducirá a patróns diverxentes de resposta organizacional”, heteroxeneidade estrutural ao outorgarlles “ás organizacións máis liberdade para realizar cambios estratéxicos mentres que elixen entre modelos lexitimadores múltiples”, distintos tipos de regulamentación e incentivos na pretensión polo control (Powell, 1991, p. 196; Hoffman, 1999; Meyer, Scott e Strang, 1978; Scott e Meyer, 1988; Smith, Bigley, Dáunno e Khana, 2005, p.313).

En definitiva, a institucionalización das estruturas organizacionais é o resultado da intervención de diferentes portadores primarios –os réximes políticos, a organización formal e a cultura– mediante o uso dos diferentes instrumentos institucionalizadores con que contan –a coerción, o mimetismo e a norma– (Jepperson, 1991; DiMaggio e Powell, 1983), como se reflicte na táboa 1.

**Táboa 1.-** Portadores e instrumentos institucionalizadores

PORTADORES PRIMARIOS	INSTRUMENTOS
A organización formal	Mimetismo
A cultura (social e profesional)	Norma
O Estado/nación, os réximes políticos	Coerción

FONTE: Elaboración propia.

Todos eles están vinculados entre si pois “a organización política e a sociedade racionalizada expáñdense a medida que o fai a organización formal –na xurisprudencia, na participación da mobilización colectiva e no Estado ampliado–”. Por outra parte, tras o Estado, os profesionais son a seguinte fonte principal de institucionalización organizacional e “que sexan ou non converxentes dependerá, xa que logo, da natureza da relación entre o Estado e a profesión ou as profesións activas nese ambiente nun determinado momento” (Jepperson e Meyer, 1991, p. 213; Scott, 1991, p. 172; DiMaggio e Powell, 1991).

### 3. PROCEDEMENTOS CONTABLES NAS CONFRARÍAS DE PESCADORES E FACTORES AMBIENTAIS DETERMINANTES. ANÁLISE HISTÓRICA

Aínda que non hai acordo doutrinal en canto ao orixe das confrarías de pescadores<sup>12</sup>, estas constitúen, “sen dúbida ningunha, o órgano de máis remota tradición asociativa que actualmente se conserva no país”, ata tal punto que a súa constitución precede no tempo, mesmo, á propia formación de Estado español (Bárcena, 1974, p. 117; Betancor, 1998).

<sup>12</sup> Así, Calo (1997a) sitúao entre a Prehistoria e a Idade Antiga; Filgueira (1974) nos *collegia romanos* (séculos III-IV); Rumeu de Armas (1981) no século X; Pérez (1985), Vila (1989) e Moreda (1966) no século XI; Bikandi (1989) e Astorkiza, Del Valle e Astorkiza (1998) entre os séculos XI e XII; López (1997) entre os séculos XII e XIII; e Rebollo, Falcón e López (1996) no século XV.

A existencia de asociacións pesqueiras en Galicia é previa á romanización<sup>13</sup> (139 a.C.), aínda que hai que esperar “ata a *Alta Idade Media para atopar verdadeiros pobos cunha actividade pesqueira*”. A partir do século XII “*temos suficientes noticias de actividades pescadoras*”, podéndose constatar a realización, dun modo tradicional, de intercambios mercantís entre confrarías, destacando especialmente os que desenvolven as de Pontevedra, Tui e Vigo. No século XII están perfectamente organizadas en toda a costa cantábrica –“*de Baiona a Baiona*”, a de Francia e a de Galicia–. Desde daquela, foron estendéndose por todo o litoral galego, alcanzando a principios do século XX –como *pósitos* marítimos de pescadores– a cifra de 58; posteriormente, inscríbense un total de 70 –como confrarías sindicais de pescadores galegas– no Sindicato Nacional de Pesca; a Federación Nacional de Confrarías contabiliza –no ano 1985– 62 entidades, e en igual número son transferidas polo Estado á Comunidade Autónoma galega no ano 1982 (Rumeu de Armas, 1981; Calo, 1994; 1996, p. 14; 1997b, p. 204; Costa, 1974; Ansola, 2005; Bárcena, 1974; Pérez, 1985).

Na actualidade atópanse solidamente asentadas no territorio da Comunidade Autónoma galega 59 confrarías de pescadores, repartidas pola costa da Coruña<sup>14</sup>, de Lugo<sup>15</sup> e de Pontevedra<sup>16</sup> –ao longo de 1295 km de litoral (Xunta de Galicia, 2007)– e a súa importancia é tal que a porcentaxe de poboación dedicada a esta actividade (4,6%) é a maior de todos os países europeos<sup>17</sup>.

A súa conservación, aínda que desde datas moi temperás son intervidas polos poderes públicos, responde ao feito de que non atoparon unha fórmula organizativa que mellor traducise e traduza as necesidades dos seus membros (Alegret, 1990). Con todo, na súa dilatada existencia non só experimentaron cambios de denominación; de forma paralela ás transformacións ambientais foron modificando a súa natureza, ampliando as súas funcións e incorporando procedementos contables que, para o seu estudo e exposición, asimilamos á clasificación que sobre o corporativismo realiza ese autor, como se recolle na táboa 2.

<sup>13</sup> Esta afirmación baséase na existencia de restos arqueolóxicos tales como os “*picos camposaquienses e anacorienses*” –instrumentos líticos atopados na zona de Camposancos e nas proximidades do río Miño, respectivamente–, “*cardial*” –restos de cerámica atopados na costa norte da ría de Vigo– e “*pílos de salgadura*” –é dicir, barreños dedicados á salgadura do peixe atopados en Adro Vello (O Grove) que datan del século I d.C.–.

<sup>14</sup> Na Coruña, Aguiño, Ares, Barallobre, Barqueiro-Bares, Cabo de Cruz-Boiro, Camariñas, Cariño, Caión, Ceadeira, Corcubión, Corme, Ferrol, O Pindo, Espasante, Fisterra, Laxe, Malpica, Lira, Mera, Mugardos, Muros, Muxía, Noia, Porto do Son, Portosín, A Pobra do Caramiñal, Pontedeume, Rianxo, Sada e Santa Uxía de Ribeira.

<sup>15</sup> Distribuídas por Burela, Cilleiro, Foz, Ribadeo, Rinlo, San Ciprián e O Viñedo.

<sup>16</sup> Sitas na Guarda, Arcade, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Carril, Illa de Arousa, Lourizán, Marín, Moaña, O Grove, Pontevedra, Portonovo, Raxó, Redondela, Sanxenxo, Vigo, Vilanova de Arousa e Vilaxoán de Arousa.

<sup>17</sup> Pois “*alrededor del 20% del empleo de Galicia depende directamente de las pesquerías*” (Vázquez, 1998, p. 177), sendo “*Galicia dentro de la pesca española (...) un pilar fundamental (...). Al conjunto de la economía gallega la pesca aporta cerca de un 3% del Valor Añadido Bruto, concentrando el 4% de los empleos, cifra muy superior a cualquier país comunitario*” (Giráldez, 1997, p. 235).

**Táboa 2.-** Tipos de cooperativismo e evolución histórica da confraría de pescadores

TIPOS DE CORPORATIVISMO (Alegret, 1990)	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA CONFRARÍA
Corporativismo gremial <sup>18</sup>	Confraría de pescadores gremial
Corporativismo tradicional o antirrevolucionario <sup>19</sup>	Sociedade de socorro mutuo
	Pósito marítimo de pescadores
Corporativismo dirixista <sup>20</sup>	Confraría sindical de pescadores
	Confraría de pescadores preautonómica
Corporativismo tecnocrático ou neocorporativismo <sup>21</sup>	Confraría de pescadores galega

FONTE: Taboada Mella (2005, p. 58).

### 3.1. NO CORPORATIVISMO GREMIAL

As confrarías de pescadores gremiais son organizacións racionais, cuxos factores racionalizadores son o capital e o traballo; trátase de asociacións privadas de armadores e mariñeiros que voluntariamente poñen a disposición da comunidade medios humanos e materiais a fin de defender os seus intereses económicos e profesionais<sup>22</sup>. Para iso, estrutúranse<sup>23</sup> como organizacións formais dotadas de “*sistemas de actividades controladas y coordinadas [por medio de] un plan para las actividades que incluyen programas [vinculados] mediante metas y políticas explícitas que conforman una teoría racional del modo y del propósito al que deben ajustar las actividades*” nas que todas as normas de procedemento se conteñen nos seus estatutos ou ordenanzas<sup>24</sup>. Estas incorporan xa procedementos contables como mecanismo de control interno da xestión, repartíndose os cometidos de rexistro e de fiscalización entre os órganos de goberno da entidade: a xunta de confrades<sup>25</sup>, o mordomo ou presidente<sup>26</sup> e o vicario ou vicepresidente.

<sup>18</sup> Propio dos antigos gremios ou corporacións e se dilata no tempo ata a revolución industrial en Europa e ata o ano 1861 en España, coa Lei de disolución dos gremios.

<sup>19</sup> Característico das revolucións organizacionais de fins do século XIX.

<sup>20</sup> Cando as corporacións se converten en institucións instrumento ao amparo do Estado, subordinadas e organicamente vinculadas a el.

<sup>21</sup> Representativo das sociedades modernas nas que se reserva o dereito de toma de decisións a elites de técnicos e de altos funcionarios.

<sup>22</sup> Regulación de prezos, salarios e calidades, garantir a orde ecolóxica, xestionar os riscos derivados da profesión e asistir socialmente aos membros e ás súas familias (Eggerston, 1998; López, 1997; Máiz, 1993; Moreda Oroza, 1966; Pérez, 1985).

<sup>23</sup> Caracterizadas polo establecemento de condicións de acceso e requisitos de permanencia perfectamente delimitados, estruturas organizativas e estamentais fortemente xerarquizadas e unha precisa delimitación das funcións que debe acometer a entidade.

<sup>24</sup> Que, elaborados e aprobados polos seus propios integrantes, son de obrigada observancia.

<sup>25</sup> Órgano de decisión fundamental, formada polo presidente, polo vicepresidente, polo secretario e por catro vogais.

<sup>26</sup> Órgano unipersonal de xestión.

dente<sup>27</sup> (Jepperson e Meyer, 1991; Meyer e Rowan, 1991, p. 42; Taboada, 2005).

Así, levan “*una doble contabilidad de caja*”<sup>28</sup>, cuxo rexistro corresponde ao mordomo –quen detalla nun libro maior o movemento dos fondos derivados da súa xestión– e ao vicario –que, de forma cronolóxica, rexistra noutro libro maior os ingresos percibidos pola entidade (cotas dos membros, rendas patrimoniais, multas, sancións, doazóns, etc.)–; ambas as dúas contabilidades, xunto con toda a documentación conexas<sup>29</sup>, son obxecto de fiscalización pola xunta de confrades<sup>30</sup>. En todo caso, se o montante de gasto comprometido polo mordomo supera os ingresos percibidos pola confraría, este debe de arrogarse na diferenza. Ao concluír o seu mandato ha de presentar o libro de contas xunto con toda a súa documentación contable ante a xunta de confrades –ademais dunha declaración xurada da veracidade dos datos referidos aos gastos non xustificadas documentalmente–. A actuación do vicario é obxecto do mesmo control, aínda que este se realiza ao finalizar cada ano. Ademais, os ingresos derivados de servizos de intermediación por venda en lonxa son obxecto de rexistro por un contador maior, á vez controlados na exactitude do seu cálculo por un contracontador, mentres que os pagamentos os realiza un tesoureiro coa autorización previa da xunta (López, 1990, p. 190; Erkoreka, 1991; Delgado, 1998; Tena, 1997; Filgueira, 1974; Rumeu de Armas, 1981).

Os procedementos contables establecidos pretenden, xa que logo, o control interno da xestión dos recursos con que contan de cara á maior eficiencia. Así e todo, a eficiencia que alcanzan non actúa como garantía de perdurar fronte a terceiros senón todo o contrario, pois o poder social, económico e político que daquela se deriva fai que os poderes públicos traten de limitalas legalmente<sup>31</sup>. Para faceren fronte a iso, agrúpanse en federacións ou en irmandades<sup>32</sup> e, sen autorización rexia ou desautorizadas, logran facer fronte –mesmo a procesos xudiciais– durante a Idade Media e a Idade Moderna (Rumeu de Armas, 1981; Erkoreka, 1991).

<sup>27</sup> Asistente do presidente e substituto en casos de ausencia ou enfermidade.

<sup>28</sup> A da confraría e a da mordomía “*cuxo único contacto é o alcance anual do mordomo: se é positivo debe ingresalo na arca da confraría e, se é negativo, este debe de satisfacelo o mordomo, de modo que a súa caixa pecha o ano con saldo cero*”.

<sup>29</sup> E, no seu defecto, unha declaración xurada que certifique a certeza dos datos non xustificadas documentalmente.

<sup>30</sup> En certas corporacións désígnase unha comisión de fiscalización mentres que noutras se encomenda esta tarefa a contadores de confianza.

<sup>31</sup> O réxime xurídico relativo a gremios e confrarías comézase a constituír no transcurso da Idade Media (séculos IV-XV) á Idade Moderna (séculos XV-XVIII).

<sup>32</sup> As máis antigas das que se ten coñecemento son a Hermandad de las Villas y Marismas de los Reinos de Asturias y Galicia –constituída no ano 1295– e a Hermandad de las Villas y Marismas de Castilla –organizada no ano 1296– (Vila, 1989; Moreda, 1966; Rumeu de Armas, 1981).

### 3.2. NO CORPORATIVISMO TRADICIONAL OU ANTIRREVOLUCIONARIO

A presión institucionalizadora persiste no século XVIII e consegue o “*control da forma organizacional*” por medio “*da escaseza de recursos*”; os poderes públicos determinan, daquela, “*non só o que as organizacións poden facer, senón que organizacións poden existir (...). Non hai un proceso de selección natural que determine os resultados eficientes, máis ben hai un gran proceso que ocorre gradualmente onde as opcións básicas están limitadas e configuradas por procesos sociais e políticos*” (Powell, 1991, p. 64).

Así, a Igrexa e o Estado cualifican as corporacións gremiais como atranco para o desenvolvemento do capitalismo promovido pola revolución industrial<sup>33</sup>, de modo que “*las corporaciones gremiales existentes se «privatizan» convirtiéndose en instituciones ordenadas que ofrecen oportunos auxilios a las necesidades de los trabajadores*” baixo o nome de Sociedades de Mareantes ou de Socorros Mutuos (Taboada 2006a, p.64; Rebollo, Falcón e López, 1996; Rodríguez, 1994; Castillo, 1994).

A prestación desta tipoloxía única de servizos<sup>34</sup> fai que a súa eficiencia se circunscriba á xestión duns fondos que proveñen unicamente dos asociados (cotas) e que destinan a indemnizalos cando sufran algún suceso; os perigos do mar, sen apenas salvamento e auxilio, e un sistema de traballo completamente arcaico, constitúen un círculo de penalidades<sup>35</sup> do que é difícil saír “[*viéndose*] *afectadas permanentemente por dificultades a la hora de cuadrar sus balances anuales de gastos/ingresos, haciendo cada vez más necesario el recurso a la financiación exterior*”. Isto xera “*un panorama contrario a la continuidad de las mutualidades tradicionales*” no que as propostas reformistas se suceden<sup>36</sup>, callando, finalmente, a do mariño ferrolá Alfredo Saralegui. Trátase dos *Pósitos Marítimos de Pescadores*, asociacións cooperativas de pescadores que pretenden a mellora da situación económica, social e cultural dos seus membros (Rivero Blanco, 1994, p. 142; Rivera, 1994, pp. 142-143).

O Estado está, daquela, en condicións de intervir en cuestións sociais polo que inicia un “*un verdadero proceso de intervencionismo legal*” a fin de que medren

<sup>33</sup> Como sinala Bárcena (1974, p. 118), “*cuando a finales del siglo XVIII se discutía la conveniencia de suprimir las cofradías gremiales de carácter religioso existentes en nuestro país, estadistas como Jovellanos, Foridablanca y Campomanes elogiaban cálidamente a las que se permitiría subsistir como hermandades o montepíos de socorro*”, aínda que, como aseguran Rebollo, Falcón e López (1996, p. 11), “*cargan las tintas en los inconvenientes que representaban estos cuerpos intermedios para el desarrollo económico e industrial*”, á vez, desde a perspectiva eclesiástica son consideradas desbaldidoras e desviadas da fe.

<sup>34</sup> Aínda que, á par, “*desempeñaron un papel indudable en el aprendizaje de la vida asociativa y constituyeron una estructura privilegiada de la práctica solidaria y democrática*” (Brey, 1994, p. 246).

<sup>35</sup> Graves accidentes marítimos, baixa esperanza de vida, elevado número de viúvas e de orfos, son datos que se seguen mantendo incluso no ano 1930.

<sup>36</sup> Dirixidas á creación de cooperativas de produción, de consumo, de crédito e, mesmo, sociedades anónimas que integran todos os sectores da pesca.

estas organizacións en substitución das Sociedades de Socorros<sup>37</sup>. Manteñen a estrutura de organización da confraría gremial –coas variacións propias da súa nova natureza<sup>38</sup>– e, xunto cos cometidos propios daquela, crean 43 escolas subvencionadas para os confrades e os seus fillos (Castillo, 1994, pp. 6 e 7; Ansola, 2005; Costa, 1974; Saralegui, 1917; Pereira, 1992; Alonso, 1994; Costa, 1974; Moreda, 1966; Alonso, 1997).

Pero “*el proceso de gubernamentalización de los Estados modernos*” que ten lugar a partir do século XVIII e que deriva no control administrativo de toda forma organizacional aféctalles tamén ás estruturas contables. A Administración, para os efectos de regular esta materia, solicita informes a expertos funcionarios e isto dá orixe ao orzamento como práctica contable propia do sector público e, como tal, faise extensiva a todas aquelas entidades que administran recursos públicos, como parte das súas estratexias lexitimadoras. De aí que os *Pósitos* Marítimos de Pescadores, tras telo recollido nos seus estatutos como práctica contable obrigatoria, deban elaborar un orzamento anual que, logo de ser aprobado en xunta xeral, han remitirle ao Instituto Social da Mariña<sup>39</sup> para os efectos de que se garantan en todo momento os fins para os que foron creadas. Así mesmo, os confrades han estar informados da súa execución. É dicir, a ciencia<sup>40</sup> e a tecnoloxía<sup>41</sup> convértense nos factores institucionalizadores dun orzamento que se subscribe para dar solución a un problema organizativo concreto –a recepción de fondos públicos, de cuxa utilización hase dar conta á Administración–, que se preinstitucionaliza na organización racional destas entidades (Alegret, 2002, p. 18; Preston, 1991; Calo, 1978; Costa, 1974; Gandásegui, 1936; Moreda, 1996; Pereira, 1992 e Alonso, 1992; Wuthnow, 1980; Tolbert e Zucker, 1996).

### 3.3. NO CORPORATIVISMO DIRIXISTA

Os *pósitos* marítimos de pescadores sobreviven á ditadura de Primo de Rivera e á posterior República, pero o interese da Administración tras a Guerra Civil por

<sup>37</sup> Así, mediante a Lei de 27 de febreiro de 1908, créase o Instituto Social de Previsión, co fin de administrar aquelas mutualidades que se constituían baixo o seu padroado; pola Real orde de 5 de xaneiro de 1918 pon a disposición destas entidades axudas co fin de que se transformen en entidades de carácter laico; coa Real orde de 10 de outubro de 1919 –desenvolvida mediante Regulamento de 24 de xaneiro de 1920– crea as institucións de crédito, co fin de tutelar as finanzas dos seus membros –centralizar os seus fondos e xestionalos mellor (Sánchez, 1992)–; e mediante Decreto de 26 de febreiro de 1930 crea a Caja Central de Crédito Marítimo y Pesquero, antecedente do Instituto Social da Mariña –reorganizado por Decreto de 3 de novembro de 1931.

<sup>38</sup> Todos os membros uniforman dereitos, deberes e condicións de acceso aos órganos representativos (Gandásegui, 1936; Costa, 1974).

<sup>39</sup> Órgano dependente do Ministerio de Trabajo.

<sup>40</sup> Os informes dos expertos funcionarios convértense no vínculo entre o poder e o saber, chegándose a crear un “*saber propio del Estado*” (Alegret, 2002, p. 18).

<sup>41</sup> Trátase das “*profesións, técnicas e programas*” (Scott e Meyer, 1994, p. 225) que incorporan “*as características dos obxectivos polos cales o traballo é realizado*” (Scott, 1992, p. 20).

controlar toda forma asociativa fai que no ano 1944 sexan “definitivamente suprimidos” (Ansola, 2005, p. 23).

A ditadura franquista –tras incorporalos á Administración baixo a forma xurídica de corporacións de dereito público<sup>42</sup>– adscribeos<sup>43</sup> á súa organización<sup>44</sup> como “*unidades sindicais en las que se integran los productores de actividades tanto originarias como derivadas del ejercicio de la pesca*” baixo a denominación de confrarías sindicais de pescadores. Actúan como órgano de representación dos intereses dos seus compoñentes fronte aos organismos do Estado<sup>45</sup>, ademais de realizar cometidos privados<sup>46</sup>; a elas debe asociarse obrigatoriamente toda persoa que desexe realizar unha actividade marítimo-pesqueira (Pardellas, 1974, p. 240; Taboada, 2006b).

Aínda que os seus estatutos seguen rexendo o seu funcionamento, é o Estado o que establece as pautas contables que han seguir e o seu posterior control<sup>47</sup>. Segundo o Decreto 599/73: a) os sindicatos deben levar obrigatoriamente libros de contabilidade debidamente autenticados (non especifica cales) nos que se han consignar os ingresos obtidos e os gastos acometidos –precisándose a orixe daqueles e o investimento destes– baixo a responsabilidade do secretario e dos órganos de goberno; así mesmo deben formular orzamentos de ingresos e gastos, xerais e extraordinarios, para os servizos e obras que presten ou que realicen. Os orzamentos ordinarios para o exercicio seguinte apróbanos as xuntas xerais antes do 1 de novembro e liquidan as contas do exercicio precedente antes do 1 de abril, elevándoas inmediatamente á organización sindical para a súa sanción posterior; os orzamentos extraordinarios son simplemente aprobados pola xunta xeral; b) están obrigados a

<sup>42</sup> Iso implica, seguindo a Garrido (1962, 1994), Jordana de Pozas (1961), Entrena (1995), García de Enterría e Fernández (1990, 1995), a súa natureza de Administración Pública non territorial nada dun interese persoal á que se lle outorga un carácter público ao facela titular de funcións públicas, é dicir, trátase de corporacións sectoriais de base privada que exercen funcións públicas.

<sup>43</sup> Por medio de sucesivas normas (Foro do Traballo (1938); Leis de Unidade Sindical (de 26 de xaneiro e 6 de decembro de 1940); Decreto de 6 de decembro de 1941; Lei de 18 de outubro de 1941; Orde de 31 de marzo de 1943; Orde xeral núm. 81, de 1961; Lei 116/1969, de 30 de decembro; Decreto 1867/1970, de 9 de xuño; Lei Sindical núm. 2/1971, de 17 de febreiro; Decreto 599/1973, de 29 de marzo; Orde de 22 de xuño de 1973; Resolución de 20 de xuño de 1974; Decreto 2864/1974, de 30 de agosto, entre outras).

<sup>44</sup> Sometidas ao amparo e á tutela do Instituto Social da Mariña –a través das Central Nacional-Sindicalista e do Sindicato Nacional de Pesca–.

<sup>45</sup> Motivo polo cal contan con representación nas Cortes Xerais (Lei constitutiva das Cortes, 1942).

<sup>46</sup> Ademais das acometidas polos seus antecesoras (a confraría gremial e o *pósito* marítimo de pescadores), prestan moitos outros servizos (establecen economatos, cooperativas, fábricas de xeo e salgadura).

<sup>47</sup> Pois, aínda que a Lei 2/71 sinala que a organización sindical –atendendo ao principio de autonomía dos sindicatos e demais entidades sindicais nos seus respectivos ámbitos– conta cun réxime económico-administrativo propio de cuxa xestión se ocupan os representantes dos empresarios, dos técnicos e dos traballadores e que estará deseñado na forma en que determine o regulamento xeral aprobado polo congreso sindical, sancionado previamente polo Ministerio de Relacións Sindicais. Neste regulamento xeral debe regularse a administración do patrimonio e os recursos económicos sindicais, a ordenación dos gastos, a súa fiscalización, a aprobación das contas, o sistema de contabilidade e o réxime xurídico de contratación.

confeccionar<sup>48</sup> –cando menos mensualmente– un resumo polo miúdo. Anualmente deben elaborar un balance expresivo da súa situación patrimonial, económica e financeira, e permitir que se leven a cabo comprobacións respecto das súas operacións, polo que é necesaria a conservación dos documentos necesarios; e c) o Ministerio de Relacións Sindicais<sup>49</sup> fiscaliza a xestión económica, para cuxos efectos pode acordar inspeccións para o exame dos libros e documentos e, nas dilixencias que se instrúan, pode pedirles declaración aos funcionarios e aos órganos de goberno sobre a materia obxecto de inspección.

Por Orde de 15 de xuño de 1974 foi aprobado o Estatuto do Xurado Sindical de Contas, órgano que daquela acomete a fiscalización e a crítica dos actos realizados e dos feitos producidos no desenvolvemento da xestión económico-financiera, ocupándose do exame, comprobación e resolución das contas parciais rendidas pola organización sindical, polos sindicatos e polas entidades e servizos sindicais, e cuxos resultados se reflicten en memorias que se elevan ao Congreso Sindical e aos organismos afectados.

No período preconstitucional anúlase a sindicación obrigatoria e as confrarías recuperan a súa denominación orixinal. Actúan como órganos de consulta e de colaboración coa Administración<sup>50</sup> no referente á actividade extractiva pesqueira e á súa comercialización dos sectores artesanal e de baixura, ademais de desempeñar funcións de forma voluntaria<sup>51</sup>; para iso dispoñen de autofinanciamento e reciben subvencións procedentes dos orzamentos xerais do Estado<sup>52</sup>. Os seus estatutos han de ditar a base da súa actuación, correspondéndolle á asemblea xeral a elaboración e a aprobación dun orzamento anual; con todo, por tratarse de entidades públicas éelles aplicable a Lei xeral orzamentaria de 4 de xaneiro de 1977 (LXO), segundo a cal deben elaborar “*un orzamento de capital e de explotación*”, conformados por “*unha previsión da conta de resultados e do cadro de financiamento do exercicio e, (...) como anexo (...) unha previsión do balance da entidade*”, cuxo control exerce o Tribunal de Contas<sup>53</sup>. Trátase da semiinstitucionalización desta práctica contable, transmitida como útil e desexable como vehículo de lexitimación no uso de recursos públicos –sen ter sido contrastado o seu mérito– desde a súa implantación

---

<sup>48</sup> Ademais de establecer e de manter un sistema de control das súas operacións, situación da caixa e de todos os recibos e xustificantes de pagamento; así mesmo, deben reflectir diariamente o movemento dos seus ingresos e pagamentos, así como as variacións da súa situación patrimonial.

<sup>49</sup> Ben directamente ou ben por medio da Censura de Contas.

<sup>50</sup> En particular, colaboran co Instituto Social da Mariña, baixo as directrices deste, dentro da normativa reguladora do dito instituto.

<sup>51</sup> Desenvolvemento de obras e servizos directamente ou en colaboración, concerto ou participación coa Administración ou con entidades de calquera natureza xurídica, sempre que esas obras e servizos se leven a cabo a fin dun mellor cumprimento dos seus fins e, ademais, desempeñar funcións delegadas ou propias de interese xeral para a actividade extractiva do sector pesqueiro.

<sup>52</sup> Inicialmente a través do Ministerio de Transportes e Comunicacions e, posteriormente, por medio da Subsecretaría de Pesca e Mariña Mercante e, finalmente e logo dunha serie de reformas ministeriais, mediante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

<sup>53</sup> Órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado e do sector público.

no *posito* a unha organización institucionalizada que, como mecanismo de control externo, conserva unha estrutura formal racionalizada, que garante a adecuada coordinación da actividade e o control interno (Real decreto-lei 19/1976; Decreto 873/77; Decreto 1048/77; Decreto lei 31/77; Real decreto 670/78; Orde de 31 de agosto de 1978; Real decreto 906/1978; LXO, artigo 84; Tolbert e Zucker, 1996).

### 3.4. NO CORPORATIVISMO TECNOCRÁTICO OU NEOCORPORATIVISMO

No ano 1978 entra en vigor a Constitución española (CE) e iníciase o reparto<sup>54</sup> de competencias Estado-comunidades autónomas. Por medio desta norma fundamental determínanse as materias sobre as que o Estado ten competencia exclusiva e as que poden asumir as comunidades autónomas; ademais, para evitar situacións de baleiro competencial, especifica que as atribucións non reservadas para aquel as poden obter estas (artigos 149, 148.1 e 149.3 da CE) se as recollen como propias nos seus estatutos de autonomía.

A Comunidade Autónoma galega<sup>55</sup> recolle no seu Estatuto<sup>56</sup> (artigos 27.29 e 38) ás “*confrarías de pescadores*” como “*competencia exclusiva da Comunidade*”, polo que obtén o traspaso das 62 confrarías que se localizan ao longo do seu litoral no ano 1982<sup>57</sup>. A partir dese momento, a lexislación aplicable a estas entidades é a emanada do Goberno galego –a Xunta de Galicia– e, só a falta de dereito propio, a do Estado.

O Goberno galego non produce ningunha norma autonómica aplicable a estas entidades ata o ano 1991. Trátase<sup>58</sup> do Decreto 237/91, de 4 de xullo, de medidas provisionais sobre as normas de actuación e regulamentación das actividades da confraría de pescadores, que se adapta ao disposto no Real decreto 670/1978 (estatal). Este decreto (artigos 1, 2, 3, 6, 8 e 26) segue cualificando as confrarías de pescadores galegas como corporacións de dereito público que, ademais de realizar funcións propias<sup>59</sup> e de contar cos medios económicos xerados pola entidade<sup>60</sup>, te-

<sup>54</sup> Que Entrena (2000) cualifica como horizontal de dobre lista (modelo federal alemán), segundo o cal nunha lista se determinan as materias atribuídas ás comunidades autónomas e na outra, por exclusión das recollidas na anterior, as que lle corresponden ao Estado. Mangas (1978) cualifícaa como horizontal e vertical, pois tamén se distribúen funcións Estado-comunidade autónoma sobre una mesma materia (artigo 149, apartados 11, 13, 16, 23, 25 e 27 e artigo 150, apartados 1 e 2 da CE).

<sup>55</sup> Por tratarse dunha nacionalidade histórica que xa plebiscitou o seu Estatuto de autonomía durante a II República (Torres del Moral, 1988), accede á autonomía, xunto co País Vasco e con Cataluña, polo procedemento descrito na disposición transitoria segunda do artigo 151.

<sup>56</sup> Logo de aprobar o seu réxime preautonómico –mediante o Real decreto-lei de 18 de marzo de 1978– e someter a referendo o Proxecto de Estatuto –Real decreto 2400/1980, de 7 de novembro– e ser aprobado, entra en vigor mediante a Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril.

<sup>57</sup> Mediante o Real decreto 3318/1982.

<sup>58</sup> Ademais da Orde de 12 de abril sobre a celebración de eleccións nas confrarías de pescadores.

<sup>59</sup> En beneficio do sector pesqueiro e marisqueiro.

<sup>60</sup> As cotas e derramas que establezan, rendas e produtos derivados do seu patrimonio, doazóns, legados, e procedentes dos servizos que acorden ou que concerten, e vendas de publicacións e similares.

ñen delegadas funcións da Administración<sup>61</sup> e reciben e se benefician de recursos e de exencións públicas –da Xunta e do Estado<sup>62</sup>–. Con todo, non considera a materia contable<sup>63</sup> como vehículo de control da xestión deses medios, polo que deben de adaptarse ao contido na LOFCA<sup>64</sup> (estatal), segundo a cal as entidades públicas han seguir un réxime de contabilidade pública como base do control da execución dun orzamento, deixando á autonomía a competencia de autorizar a liquidación das contas e a asunción do seu control por medio do Consello de Contas (CC).

A natureza pública das confrarías de pescadores fai necesaria unha norma con rango de lei que as regule. Ante ese cometido, a Xunta de Galicia considera oportuno solicitar informes previos a terceiros acerca da súa situación administrativa, económica, patrimonial e contable. Asigna esta tarefa á Price Waterhouse/SACE –Unión Temporal de Empresas de recoñecido prestixio profesional no ámbito privado<sup>65</sup>– quen propoñen<sup>66</sup> que, dada a súa natureza dual, ademais do orzamento, deben de elaborar unha contabilidade financeira adecuada “*á lexislación mercantil*”<sup>67</sup> (Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, 1994, p. 46).

O 8 de xullo de 1993 a Xunta de Galicia emite a Lei 9 sobre confrarías de pescadores de Galicia e pola Orde de 17 de decembro dese mesmo ano aproba con carácter provisional o Plan de contabilidade das confrarías de pescadores galegas (PCCPG, 1993), acometendo un intenso labor lexislativo<sup>68</sup> no que de forma progresiva incorpora as recomendacións contables da auditora-consultora.

<sup>61</sup> Actúan no seu respectivo ámbito territorial como órganos de consulta e colaboración coa Administración na preparación, aplicación e elaboración de normas que afecten a temas de interese xeral pesqueiro, marisqueiro e de acuicultura e sobre accións e reformas que melloren e que permitan o desenvolvemento do sector extractivo da pesca de baixura, marisqueo e a súa comercialización.

<sup>62</sup> Das subvencións ou consignacións establecidas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e nos orzamentos xerais do Estado, que se canalizan a través da Xunta de Galicia, ademais dos beneficios fiscais que lles foran recoñecidos.

<sup>63</sup> Indica unicamente que os estatutos ou as normas internas de funcionamento deben indicar o réxime económico ao que terá que axustarse a Administración da entidade (artigo 13d).

<sup>64</sup> Lei orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de financiamento da comunidades autónomas.

<sup>65</sup> Presta servizos de auditoría e consultoría a empresas.

<sup>66</sup> Os resultados deste traballo, aínda que datados no ano 1992, publícanse no ano 1994.

<sup>67</sup> Requiren das confrarías de pescadores: a) o uso de libros de contabilidade obrigatorios –Diario, de Inventarios e Contas Anuais e libro de actas dos órganos colexiados– e o cumprimento de requisitos formais idénticos aos descritos no Código de Comercio; b) elaboración e sinatura das contas anuais obrigatorias –Balance de Situación, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria– polos administradores e/ou polos membros do cabido e o depósito daquelas no rexistro; c) concesión de axudas públicas condicionadas ao cumprimento das normas contables, ao depósito das contas e á realización de auditorías; d) responsabilidade dos órganos unipersoais e colexiados da confraría, e dos propios membros da organización; e e) exercicio da tutela da Administración en situacións de desequilibrio patrimonial ou financeiro que atranquen ou que impidan o seu normal funcionamento ou as súas actividades económicas.

<sup>68</sup> Así, ademais de desenvolver os aspectos contables contidos na Lei 9, emite moitas outras normas que regulan aspectos funcionais puntuais (Orde de 21 de decembro de 1993 sobre a levanza de libros de rexistro polas confrarías; Orde de 21 de setembro de 1995, pola que se crea o Rexistro de Organizacións de Produtores da Pesca; Decreto 109, de 1 de xullo de 1998, sobre o persoal das corporacións de dereito público tuteladas pola Consellería de Pesca; Orde de 7 de maio de 1998, que disciplina o rexistro das confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións; Ordes de 4 de xaneiro de 1999, que establecen a obriga de levar un libro de rexistro de socios e regulan a constitución de agrupacións; e Orde de 27 de outubro de 2000, pola que se regula a levanza informática do libro de rexistro de socios).

Do contido da Lei 9/1993 despréndese que as confrarías de pescadores galegas actúan con carácter xeral como: a) órganos de consulta e colaboración coa Administración, correspondéndolles, de ser o caso, as funcións de b) promoción da creación de servizos sociais, recreativos, culturais o análogos para os seus membros, c) xestión das áreas das zonas marítimas ou marítimo-terrestres que lles foran confiadas pola Administración, d) xestión e administración dos bens cedidos polas Administracións Públicas para o desenvolvemento dos seus fins; ademais, recollen a posibilidade legal de crear unha sección de organización da produción (SOP) –propicia o recoñecemento como Organizacións de Produtores da Pesca (OPP)<sup>69</sup>–, e) a promoción da execución de plans de captura, de concentración da oferta e de regularización de prezos, f) darlles saída aos produtos dos seus membros, g) establecer regras de produción e comercialización co fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias do mercado e h) adoptar as medidas derivadas da aplicación da política común de pesca comunitaria que sexan competencia dos produtores. Os demais cometidos descritos quedan, xa que logo, adscritos a unha Sección de Orientación (SO).

Para a execución das súas funcións dispoñen de recursos públicos –transferencias (da Xunta, da Administración Central e de calquera outra institución) e de asignacións orzamentarias anuais (establecidas nos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma galega)–. Ademais, posúen plena capacidade para adquirir, posuír, gravar e allear libremente toda clase de bens e dereitos que integren o seu patrimonio, establecer cotas e derramas, obter ingresos derivados de prestacións de servizos, adquirir bens de forma gratuíta (por doazóns, legados e similares) e establecer outras fontes de recursos acordes á lexislación e aos seus estatutos.

A utilización dos recursos no exercicio das súas funcións débese materializar: a) na elaboración dun orzamento anual único de ingresos e gastos –estruturado nas seccións coas que conte a confraría– que, a proposta do cabido, apróbase en xunta xeral<sup>70</sup>; e b) na adopción dun réxime contable adecuado ao disposto no plan contable aprobado pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o cal (PCCPG, 1993) son de obrigada observancia a adopción dos principios contables, das normas de valoración e a elaboración –polos administradores de cada sección e polo cabido<sup>71</sup>– das contas anuais (balance, conta de perdas e ganancias e memoria<sup>72</sup>). E, como mecanismos de control da adecuación do uso deses recursos, deben: a) comunicarlle á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura a aprobación, modificación e liquidación do orzamento anual; b) e someter o control

<sup>69</sup> Ao abeiro do Regulamento da CEE, nº 3687/1991, do Consello, de 28 de novembro.

<sup>70</sup> Tanto o proxecto de orzamento como as posibles modificacións que excedan do 10% do crédito.

<sup>71</sup> Os administradores da sección de organización son o cabido, e da sección de organización da produción o órgano de administración descrito nos estatutos. A consolidación destas contas correspóndelle ao cabido.

<sup>72</sup> Individuais para cada sección e consolidadas para a confraría, ademais dun cadro de financiamento para aquelas entidades que presentan balance abreviado.

das contas e xestión económico-financeira da entidade ao control do CC. En todo caso, existe a posibilidade do control financeiro dos gastos pola Xunta de Galicia a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA).

Polo tanto, a Xunta de Galicia –ante a dobre atribución de competencias e recursos das confrarías de pescadores galegas– establece por vía coercitiva controis contables externos institucionalizados culturalmente como linguaxe simbólica da adecuada actuación das entidades públicas e privadas. Así, por influencia de expertos de ambos os dous sectores (funcionarios e profesionais do ámbito privado), a) admite e conserva o orzamento –institucionalización completa– como práctica fiscalizadora propia das entidades que xestionan recursos da Administración; e b) adopta a contabilidade financeira como instrumento de control lexitimado nas entidades privadas porque “*incorporan as nocións xerais de maximización formal da racionalidade, da produtividade e do beneficio*” (Tolbert e Zucker, 1996; Quattrone, 1997, p. 10).

A Lei 9/1993 foi posteriormente desenvolvida polo Decreto 79/1998, de 12 de febreiro, pola Resolución de 29 de xullo de 1998 e polo Decreto 261/2002, de 30 de xullo, que, mentres concretan que no exercicio dos cometidos atribuídos a SO actúan como entidades públicas e como SOP o fan de modo privado, non delimitan os recursos que para eses fins lles corresponden, nin delimitan en ningún momento que o uso destes instrumentos contables de natureza diferente se correspondan co control da xestión no exercicio das súas diferentes funcións.

#### 4. CONCLUSIÓNS

As razóns polas que a Xunta de Galicia utiliza instrumentos contables públicos e privados para exercer o control sobre as confrarías de pescadores galegas responden, efectivamente, a factores conxunturais que se sucederon ao longo da historia e nos que os sucesivos réximes políticos desempeñaron un papel fundamental. Así, aínda que desde as súas orixes desenvolveron cometidos privados, as Administracións atribuíronlles funcións públicas e –aínda que nunca delimitaron cales se fiscalizan cun ou con outro instrumento– as incorporaron para xustificar a asignación desas actuacións.

A realización de funcións privadas é legado das orixinarias confrarías de pescadores gremiais. A eficiente coordinación e control interno da súa estrutura organizativa e a imposibilidade da Administración por deseñar un modelo alternativo que se adecúe mellor ás necesidades do sector fan que se lexitimen historicamente, se institucionalicen e, por iso, se conserven, ata o punto de que o Goberno galego tente assimilar O seu funcionamento ao das organizacións de produtores privadas. A consecuente racionalidade que desta actividade se espera fai que o consello de profesionais do sector privado lles leve a abrazar a contabilidade financeira, procedemento de control externo lexitimado culturalmente por ese motivo neste ambiente.

A atribución de cometidos públicos obedece ao desexo da Administración por incorporar a aquelas entidades formais eficientes á súa organización e, para o control da xestión dos fondos que, como consecuencia diso ha de transferirle, emprega o orzamento. Trátase dunha práctica fiscalizadora que desde finais do século XVIII ou principios do XIX imponse como propia –pola influencia de expertos funcionarios– daquelas entidades que xestionan fondos públicos. Pasa, entón, a constituír o instrumento lexitimador no uso deses medios do *pósito* marítimo de pescadores, a confraría sindical de pescadores e a confraría de pescadores preautonómica, experimentando por iso un progresivo proceso de institucionalización que se completa co mantemento do seu emprego na confraría de pescadores galega.

Polo tanto, as directrices contables establecidas pola vía coercitiva para as confrarías de pescadores galegas: a) mimetizan a coordinación e o control interno da confraría gremial e b) normativizan os procedementos contables deseñados por destacados profesionais dos ámbitos público e privado. É dicir, o contido da Lei 9/1993 e das súas normas de desenvolvemento son o resultado da intervención institucionalizadora dos tres portadores primarios –os réximes políticos, a organización formal e a cultura– e dos tres instrumentos dos que se poden servir –a coerción, o mimetismo e a norma–.

## **ANEXO. NORMATIVA**

ESPAÑA. Constitución de 1978, *BOE* de 28/12/78.

ESPAÑA. Decreto de 3 de novembro de 1931, relativo á reorganización do Ministerio de Traballo e Previsión e regulamento xeral dos seus servizos. Ministerio de Traballo e Previsión. (Sección Publicacións, m. 1933, p. 71).

ESPAÑA. Decreto de 6 de decembro de 1941. Presidencia do Goberno. Sindicato Nacional de Pesca. (*BOE*, núm. 350, de 16/12/41).

ESPAÑA. Decreto 1867/1970, de 9 de xullo. Ministerio de Traballo e Seguridade Social. Regulamento xeral dos traballadores do mar polo que se aproba o regulamento xeral da Lei 116/1969, de 30 de decembro (R. 2384) sobre o réxime especial da SS para os traballadores do mar.

ESPAÑA. Decreto 599/1973, de 29 de marzo. Ministerio de Relacións Sindicais, Sindicatos. Regulamento xeral.

ESPAÑA. Decreto 2864/1974, de 30 de agosto. Ministerio de Traballo e Seguridade Social. Texto refundido do réxime especial dos traballadores do mar.

ESPAÑA. Decreto 873/1977, de 22 de abril. Ministerio de Relacións Sindicais, Sindicatos. Depósito de estatutos das organizacións constituídas ao amparo da Lei de 1 de abril.

ESPAÑA. Decreto 1048/1977, de 13 de maio. Ministerio de Xustiza, Sindicatos. Desenvolve os procedementos xudiciais establecidos na Lei de 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical.

ESPAÑA. Decreto 237/1991, de 4 de xullo, de medidas provisionais sobre as normas de actuación e regulación das actividades nas confrarías de pescadores.

ESPAÑA. Estatuto de autonomía de Galicia. Lei orgánica 1/81, de 6 de abril.

- ESPAÑA. Foro do traballo (9 de marzo de 1938). Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. ([www.cervantesvirtual.com](http://www.cervantesvirtual.com)).
- ESPAÑA. Lei de 26 de xaneiro de 1940, de unión sindical, pola que se derroga a Lei de cooperativas de 27 de outubro de 1938.
- ESPAÑA. Lei de 6 de decembro de 1940, de bases da organización sindical. (*BOE*, núm. 342, de 07/12/40).
- ESPAÑA. Lei de 18 de outubro de 1941, pola que se reorganiza o Instituto Social da Mariña. (*BOE*, núm. 306, de 02/11/41).
- ESPAÑA. Lei 116/1969, de 30 de decembro (R. 2384), reguladora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado por Decreto 1867/1970, de 7 de xullo (R. 1133).
- ESPAÑA. Lei 2/1971, de 17 febreiro. Xefatura do Estado. Sindicatos. Lei sindical.
- ESPAÑA. Lei 11/1977, de 4 de xaneiro. Lei xeral orzamentaria.
- ESPAÑA. Lei constitutiva das Cortes de 17 de xuño de 1942.
- ESPAÑA. Lei orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA).
- ESPAÑA. Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril. Xefatura do Estado. Estatuto de autonomía de Galicia.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN. Orde de 12 abril de 1991. Confrarías de pescadores. Celebración de eleccións.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE RELACIONES SINDICAIS. Orde de 22 de xuño de 1973. Confrarías de pescadores. Estatuto do secretariado e persoal.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE RELACIONES SINDICAIS. Orde de 15 xullo de 1974. Sindicatos. Estatuto do Xurado Sindical de Contas.
- ESPAÑA. Orde de 31 marzo de 1943. Sobre a integración dos traballadores do mar no sindicato da pesca. (*BOE*, núm. 102, de 12/04/43), rectificada no *BOE*, núm. 103, de 13/04/43.
- ESPAÑA. Orde de 27 novembro de 1961, Orde xeral de delegación núm. 81 (R. 1962, 580, 763, 970 e apéndice 1951-66, 2507) sobre confrarías de pescadores, normas para a súa constitución e a das súas federacións. B. da Organización Sindical núm. 712, de 13/03/62. Rectificación en *BOE*, núm. 103, de 30/04/62. B. da Organización Sindical núm. 719, de 08/05/62.
- ESPAÑA. Orde de 31 agosto de 1978, pola que se desenvolve o Decreto 670/78, de 11 de marzo, sobre confrarías de pescadores.
- ESPAÑA. Orde de 12 abril de 1991. Confrarías de pescadores. Celebración de eleccións.
- ESPAÑA. Orde de 21 setembro de 1995. Crea o Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros.
- ESPAÑA. Orde de 4 xaneiro de 1999, pola que se establece a obriga de levar un libro de rexistro de socios.
- ESPAÑA. Orde de 4 xaneiro de 1999, que regula a constitución de agrupacións.
- ESPAÑA. Real decreto 19/1976, de 8 de outubro. Administración institucional de servizos. Funcións.
- ESPAÑA. Real decreto 670/1978, de 11 de marzo. Presidencia. Confrarías de pescadores. Regula a súa creación e recoñecemento.
- ESPAÑA. Real decreto 906/1978, de 14 de abril. Presidencia. Administración Institucional de Servizos Socioprofesionais. Transferencia de unidades e servizos á Administración de Estado.

- ESPAÑA. Real decreto 2400/1980, de 7 de novembro, polo que se somete a referendo o proxecto de Estatuto de autonomía para Galicia.
- ESPAÑA. Real decreto 3318/1982, de 24 de xullo. Transferencia de competencias a Galicia. Sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de agricultura e pesca.
- ESPAÑA. Real decreto-lei de 18 de marzo de 1978, que aproba o réxime preautonómico para a Comunidade Autónoma galega.
- ESPAÑA. Resolución de 20 de xuño de 1974. Sindicato Nacional de Pesca. Confrarías de Pescadores. Constitución das comisións delegadas central e provinciais do persoal.
- GALICIA. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA. PCCPG (1993): Plan de contabilidade das confrarías de pescadores de Galicia.
- GALICIA. CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA. Orde de 7 maio de 1998. Regula o Rexistro de confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.
- GALICIA. CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA. Resolución de 29 de xuño de 1998, pola que se dispón a publicación dun modelo de estatutos de confrarías elaborados de conformidade co disposto no Decreto 79/1998, de 12 de febreiro. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.
- GALICIA. Decreto 109/1989, de 1 de xuño, sobre o persoal das corporacións de dereito público tuteladas pola Consellería de Pesca.
- GALICIA. Decreto 79/1998, de 12 de febreiro, polo que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento das confrarías de pescadores de Galicia. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.
- GALICIA. Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e das súas federacións. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- GALICIA. Lei 11/1992, de 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- GALICIA. Lei 9/1993, de 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia.
- GALICIA Orde de 17 decembro de 1993, pola que se aproba con carácter provisional o Plan de contabilidade das confrarías de pescadores de Galicia..
- GALICIA. Orde de 21 decembro de 1993. Confrarías de pescadores. Regula a levanza de libros de rexistro. Galicia.
- GALICIA. Orde de 27 outubro de 2000, pola que se regula a levanza informática do libro de rexistro dos socios nas confrarías de pescadores de Galicia.
- UNIÓN EUROPEA. Consello. Regulamento da CEE 3687/1991, de 28 de novembro.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALEGRET, J.L. (1990): “Del corporativismo dirigista al pluralismo democrático: las cofradías de pescadores en Cataluña”, en J. Pascual Fernández [coord.]: *ERES, Serie de Antropología*, vol. II, núm. 1, (monográfico de pesca). Museo Etnográfico / Cabildo de Tenerife.
- ALEGRET, J.L. (2002): “Gobernabilidad, legitimidad y discurso científico: el papel de las ciencias sociales en la gestión de la pesca de bajura”, *Zainak, Cuadernos de Antropología. Etnografía. La pesca y el mar en Euzkalerria*, núm. 21, pp. 13-25.

- ALONSO, B. (1997): "Idade Contemporánea. Século XX", *Historia Xeral de Galicia*, pp. 333-395. Vigo: A Nosa Terra.
- ALONSO, A. (1994): "Aspectos económicos de las relaciones laborales en el sector pesquero de bajura", *VI Xornadas Galegas sobre Condicións de Traballo e Saúde*, pp. 147-151. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- ALLEN, L.A. (1959): *Management and Organization*. New York: McGraw-Hill.
- ANSOLA, A. (2005): "Una pesca feliz: a propósito de Alfredo Saralegui y sus pósitos de pescadores (1915-1936)", en *Instituciones y Empresas en las Industrias Marítimas (siglos XVI-XX)*. VIII Congreso de la Asociación Española de Historia Económica. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- ASTORKIZA, K.; VALLE, I. DEL; ASTORKIZA, I. (1998): "Fisheries Policy and the Cofradías in the Basque Country: The Case of Albacorde and Anchovy", en: *Límites de la Travesía. VII Conferencia de la Asociación Internacional para el Estudio de la Característica Común*. Vancouver, BC: Universidad Simon Fraser.
- BÁRCENA, A. (1974): "Las cofradías sindicales de pescadores", *Revista de Estudios Sindicales*, pp. 116-134. Valencia.
- BETANCOR, R. (1998): "Hacia una nueva configuración del sector público", *VI Jornadas sobre Cofradías de Pescadores*. Motril.
- BIKANDI, J. J. (1989): "Cofradías de pescadores", en *VV.AA*, vol. VI, pp. 19-44.
- BREY, G. (1994): "Mutualismo popular y mutualismo obrero en Galicia (1841-1916)", en S. Castillo [ed.]: *Solidaridad desde abajo*, pp. 245-255. Madrid: UGT / Centro de Estudios Históricos / Confederación Nacional de Mutualidades de Previsión.
- BURKI, J.; PERRY, G.E. (1998): *Beyond the Washington Consensus: Institutions Matter*. (World Bank, Latin America and Caribbean Studies Viewpoints Series). Washington D.C.
- CALO, F. (1978): *La cultura de un pueblo marinero: Porto do Son*. (Monografías da Universidade de Santiago de Compostela, núm. 41).
- CALO, F. (1994): "Notas para unha xénese da cultura mariñeira en Galicia," *Simposio Internacional in Memoriam de Xoaquín Lorenzo*, pp. 283-293.
- CALO, F. (1996): "Evolución histórica da tecnoloxía pesqueira e cambios sociais dende o século XVI ata o XX", en A. Abel Vilela [ed.]: *Historia e antropoloxía da cultura pesqueira en Galicia*, pp. 11-25. Santiago: FAB.
- CALO, F. (1997a): "Prehistoria e Idade Antiga", *Historia Xeral de Galicia*, pp. 7-91. Vigo: A Nosa Terra.
- CALO, F. (1997b): "Peculiaridades da Galicia mariñeira", *Artesana Sociedade*, cap. IV, pp. 201-231.
- CARMONA, S. (1989): "La contabilidad como proceso de legitimación", *Técnica Contable*, t. XLI, pp. 351-358.
- CARRUTHERS, B.G. (1995): "Accounting. Ambiguity and the New Institutionalism", *Accounting, Organizations and Society*, 20, 4, pp. 313-328.
- CASTILLO, S. (1994): "Las Sociedades de Socorros Mutuos en la España Contemporánea", en S. Castillo [ed.]: *Solidaridad desde abajo*, pp. 1-29. Madrid: UGT / Centro de Estudios Históricos / Confederación Nacional de Mutualidades de Previsión.
- CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA (1994). *Libro branco sobre a xestión das confrarías de pescadores de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- COSTA, A. (1974): "Pósitos marítimos de pescadores", en S. Cañada [ed.]: *Gran Enciclopedia Galega*, t. XXV, pp. 183-184.

- DELGADO, A. (1998): *Bermeo en el siglo XIX. Política y conflicto en un municipio pesquero vizcaíno (1912-1955)*. (Colección Lankidetzan, núm. 6). Donosti: Eusko Ikaskuntza.
- DIMAGGIO P.J. (1991): "Constructing an Organizational Fields as a Professional Project: U.S. Art Museums, 1920-1940", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 267-292. London: University of Chicago Press.
- DIMAGGIO P.J.; POWELL, W.W. (1983): "The Iron Cage Revisited: Institutional Isomorphism and collective Rationality in Organizational Field", *American Sociological Review*, 48, pp. 147-169.
- EGGERSTON, T. (1998): "Sources of Risk, Institutions for Survival and Game against Nature in Premodern Iceland", *Explorations in Economic History*, núm. 35, pp. 1-30.
- ENTRENA, R. (1995): *Curso de Derecho Administrativo*. 11ª ed. Madrid: Tecnos.
- ENTRENA, R. (2000): *Curso de Derecho Administrativo*, vol. 1, t. 2: "Organización administrativa". Madrid: Tecnos.
- ERKOREKA, J.I. (1991): *Análisis histórico-institucional de las cofradías de mareantes en el País Vasco*. (Colección Itaso, núm. 8). Bilbao: Gobierno Vasco, Departamento de Agricultura y Pesca, Servicio Central de Publicaciones.
- FERNÁNDEZ, Z. (1999): "El estudio de las organizaciones (la jungla dominada)", *Papeles de Economía Española*, 78-79, pp. 56-76.
- FILGUEIRA, M.A. (1974): "Gremios", en: *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XVI, pp. 214-216.
- FLIGSTEIN, N. (1991): "The Structural Transformation of American Industry: An Institutional Account of the Causes of Diversification in the Largest Firms, 1919-1979", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 311-336. London: University of Chicago Press.
- GALASKIEWICZ, J. (1991): "Making Corporate Actors Accountable: Institution-Building in Minneapolis-St. Paul", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 293-310. London: University of Chicago Press.
- GANDÁSEGUI, J.M. (1936): *La industria pesquera en Vizcaya. Sociedad para el logro social*. Madrid.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, G.; FERNÁNDEZ, T.R. (1995): *Curso de Derecho Administrativo I*. 7ª ed. Madrid: Civitas.
- GARRIDO, F. (1994): "El concepto de servicio público en el Derecho español", *Revista de Administración Pública*, núm. 135, pp. 10-11.
- GIRÁLDEZ, J. (1997): *De las rías a Terranova: la expansión de la pesca gallega (1880-1950)*. Vigo: SIPSA-Industrias Pesqueras.
- GRAY, S.J. (1988): "Towards a Theory of Cultural Influence on the Development of Accounting Systems Internationally", *Abacus*, 24, pp. 1-15.
- HOFFMAN, A.J. (1999): "Institutional Evolution and Change: Environmentalism and the U.S. Chemical Industry", *Academy of Management Journal*, 42, pp. 351-371.
- HOFSTEDE, G. (1986): "The Cultural Context of Accounting", *Accounting and Culture: Plenary Session Papers and Discussants Comments from the 1986 Annual Meeting of The American Accounting Association*, pp. 1-11.
- JEPPEPERSON, R.L. (1991): "Institutions, Institutional Effects, and Institutionalism", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 143-163. London: University of Chicago Press.

- JEPPELSON, R.L.; MEYER, J.W. (1991): "The Public Order and the Construction of Formal Organizations", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 204-231. London: University of Chicago Press.
- JORDANA DE POZAS, L. (1961): "Administración y Derecho", en VV.AA: *La Administración Pública y el Estado contemporáneo*. Madrid: Instituto de Estudios Politológicos.
- KERR, S. (1975): "On the Foll of Rewarding A, While Hoping for B", *Academy of management Journal*, 18, 4, pp. 769-783.
- LÓPEZ, R.L. (1990): "Las cofradías gallegas en el antiguo régimen", en: *Obradoiro de Historia Moderna: Homenaje al profesor Antonio Eiras Roel en el XXV aniversario de su cátedra*, pp. 181-200. Universidade de Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- LÓPEZ, A. (1997): "Idade Media", en: *Historia Xeral de Galicia*, pp. 95-204. Vigo: A Nosa Terra.
- MÁIZ, J. A. (1993): *El sector pesquero vizcaíno 1800-1960. Análisis de la interacción de los elementos ambiental, extractivo y comercial en la pesquería*. (Colección Tesis Doctorales, núm. 19). Vitoria-Gasteiz: Gobierno Vasco, Departamento de Agricultura y Pesca.
- MANGAS, A. (1987): *Derecho comunitario europeo y Derecho español*. Madrid: Tecnos.
- MARCH, J.G.; OLSEN, J.P. (1984): "The New Institutionalism: Organizational Factors in Political Life", *American Political Science Review*, 78, pp. 734-749.
- MEYER, J.W.; ROWAN, B. (1977): "Institutionalized Organizations: Formal Structure as Myth and Ceremony", *American Journal of Sociology*, 83, pp. 340-363.
- MEYER, J.W.; ROWAN, B. (1991): "Institutionalized Organizations: Formal Structure as Myth and Ceremony" en J.W. Meyer e W.R. Scott [ed.]: *Organizational Environments. Ritual and Rationality*, pp. 41-62. London: Sage.
- MEYER, J.W.; SCOTT, W.R.; DEAL, T.E. (1983): "Institutional and Technical Sources of Organizational Structure: Explaining the Structure of Educational Organizations", en J.W. Meyer e W.R. Scott [ed.]: *Organizational Environments. Ritual and Rationality*, pp. 45-67. London: Sage.
- MEYER, J.W.; SCOTT, W.R.; STRANG, D. (1978): "Centralization, Fragmentation, and School District Complexity", *Administrative Science Quarterly*, 32, pp. 186-201.
- MOREDA, G. (1966): "Las cofradías de pescadores en España", *Revista Internacional de Trabajo*, núm. 2, pp. 536-549.
- NORTH, D.C. (1981): *Structure and Change in Economic History*. New York: W.W. Norton.
- NORTH, D. (1990): *Institutions, Institutional Change and Economic Performance*. Cambridge: Cambridge University Press.
- NÚÑEZ, M.; MOYANO, J. (2002a): "Demografía organizativa y supervivencia: estado actual de la investigación", *Investigaciones Europeas de Dirección y Economía de la Empresa*, vol. 8, núm. 3, pp. 45-58.
- ORRÚ, M.; WOOLSEY, D.J.; HAMILTON, G.G. (1991): "Organizational Isomorphism in East Asia", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 361-389. London: University of Chicago Press.
- PARDELLAS (1994): "Cofradías sindicales de pescadores", en S. Cañada [ed.]: *Gran Enciclopedia Gallega*, t. VI, P. 240.
- PEREIRA, D. (1992): "Asociacionismo e conflictividade na Galicia mariñeira (1870-1936)", en D. Pereira [coord.]: *Os coordinadores modernos*, pp. 153-172. Vigo: A Nosa Terra.

- PÉREZ, A. (1985): "Las cofradías de pescadores: una institución original", *El Campo*, núm. 97, (xaneiro-marzo), pp. 101-106.
- PERROW, C. (1970): *Organizational Analysis: A sociological View*. Belmont, CA: Wadsworth.
- PFEER, J.; SALANCK, G.R. (1978): *The External Control of Organizations: A Resource Dependence Perspective*. New York: Harper and Row.
- POWELL, W.W. (1991): "Expanding the Scope of Institutional Analysis", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 183-203. London: University of Chicago Press.
- PRESTON, A.M. (1991): "Budgeting, Creativity and Culture", in D. Ashton, T. Hooper e R.W. Scapens [ed.]: *Issues in Management Accounting*. Prentice Hall.
- QUATTRONE, P. (1997): "Beyond Dualisms in Accounting Research: Towards a Trans-Disciplinary Perspective", *5<sup>th</sup> Interdisciplinary Perspectives on Accounting Conference, IPA*. University of Manchester.
- REBOLLO, M.; FALCÓN, R.; LÓPEZ, M. (1996): *Naturaleza y régimen jurídico de las cofradías de pescadores*. (Monografías, núm. 256). Córdoba: Universidad de Córdoba, Servicio de Publicaciones.
- RICHARDSON, A.J. (1987): "Accounting as a Legitimizing Institution", *Accounting Organizations and Society*, 12, 4, pp. 341-355.
- RIVERA, A. (1994): "Desarrollo y crisis del modelo de sociedad de socorros (Vitoria, 1849-1938)", en S. Castillo [ed.]: *Solidaridad desde abajo*, pp. 135-144. Madrid: UGT / Centro de Estudios Históricos / Confederación Nacional de Mutualidades de Previsión.
- RODRÍGUEZ, J.J. (1994): "Las Sociedades de Socorros Mutuos en Asturias, 1859-1900", en S. Castillo [ed.]: *Solidaridad desde abajo*, pp. 189-204. Madrid: UGT / Centro de Estudios Históricos / Confederación Nacional de Mutualidades de Previsión.
- RUMEU DE ARMAS, A. (1981): *Historia de la previsión social en España. Cofradías-gremios-hermandades-montepíos*. Barcelona: El Albir.
- SÁNCHEZ, J. (1992): *Crédito social pesquero*. Madrid: Ministerio de Agricultura y Pesca.
- SARALEGUI, A. (1917): *Pósitos de pescadores*. Conferencia de Seguros Sociales. Madrid: M. Minuesa.
- SCOTT, W.R. (1991): "Unpacking Institutional Arguments", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 164-182. London: University of Chicago Press.
- SCOTT, W.R. (1992): *Organizations: Rational, Natural and Open Systems*. Englewood Cliffs, NJ: Prentice Hall.
- SCOTT, W.; MEYER, J.W. (1983): "The Organization of Societal Sectors", en J.W. Meyer e W. Richard Scott [ed.]: *Organizational Environments: Ritual and Rationality*, pp. 129-153. Beverly Hills, CA: Sage.
- SCOTT, W.R.; MEYER, J.W. (1988): "Environmental Linkages and Organizational Complexity: Public and Private Schools", en H.H. Lenvin e T. James [ed.]: *Company Public and Private Schools*, pp. 128-160. New York: Falmer Press.
- SCOTT, W.R.; MEYER, J.W. (1991): "The Organization of Societal Sectors: Propositions and Early Evidence", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 108-140. London: University of Chicago Press.
- SCOTT, W.R.; MEYER, J.W. (1994): *Institutional Environments and Organizations: Structural Complexity and Individualism*. Thousand Oaks, CA: Sage.

- SINGH, J.V.; TUCKER, D.J.; MEINHARD, A.G. (1991): "Institutional Change and Ecological Dynamics", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 390-422. London: University of Chicago Press.
- SMITH, P.; BIGLEY, G.A.; DÁUNNO, T.; KHANA, T. (2005): "Introduction to Special Topic Forum. Perspectives on How Governments Matter", *Academy of Management Review*, 30, 2, pp. 308-320.
- SUCHMAN, M.C. (1995): "Managing Legitimacy: Strategic and Institutional Approaches", *Academy of Management Review*, 20, pp. 571-610.
- TABOADA, M.S. (2005): *El papel de las instituciones en el origen y en la evolución de las cofradías de pescadores gallegas. Estudio de casos*. Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- TABOADA, M.S. (2006a): *A confraría de pescadores como corporación privada*. Xunta de Galicia, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
- TABOADA, M.S. (2006b): *A confraría de pescadores tutelada polo Estado*. Xunta de Galicia, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
- TENA, M.S. (1997): *La sociedad urbana en la Guipúzcoa costera medieval: San Sebastián, Rentería y Fuenterrabía (1200-1500)*. (Monografías, núm. 43). San Sebastián: Fundación Social y Cultural KUTXA / Obra Social de KUTXA / Caja Guipúzcoa.
- TOLBERT, P.S.; ZUCKER, L.G. (1996): "The Institutionalization of Institutional Theory", en S. Glegg, C. Hardi e W. Nard [ed.]: *Handbook of Organizational Theory*, pp. 176-190. London: Sage.
- TORRES DEL MORAL, A. (1988): *Principios del Derecho Constitucional español*, vol. I. Madrid: Átomo.
- VÁZQUEZ, V. (1998): "The Future for Fisheries-Dependent Communities: The Fisheries-Dependent Region of Galicia", *Journal of Northwest Atlantic Fishery Science*, vol. 23, pp. 175-184.
- VILA, J.M. (1989): *El devenir histórico de las cofradías de pescadores y las prioridades de actuación de las cofradías en el momento actual*. (Comunicación presentada con motivo dunhas xornadas organizadas pola Consellería de Pesca). Santiago de Compostela.
- VIOLET, W.J. (1983): "The Development of International Accounting Standards: An Anthropological Perspective", *The International Journal of Accounting*, 18, pp. 1-2.
- WEICK, K. (1976): "Educational Organizations as Loosely Coupled Systems", *Administrative Science Quarterly*, 21, pp. 1-19.
- WUTHNOW, R. (1980): The World-Economy and the Institutionalization of Science in Seventeenth-Century Europe, en A. Bergesen [ed.]: *Studies of the Modern Worlds System*, pp. 25-56. New York: New York Academic.
- ZUCKER, L.G. (1983): "Organizations as Institutions", en S.B. Baracharach [ed.]: *Research in the Sociology of Organizations*, 2, pp. 1-47. Greenwich, CT: JAI Press.
- ZUCKER, L.G. (1991): "The Role of Institutionalization in Cultural Persistence", en W.W. Powell e P.J. DiMaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organizational Analysis*, pp. 83-107. London: University of Chicago Press.